

## **Soñar en branco e negro**

### **Clara do Roxo**

Así, case sen me decatarse chegaba a data. Faltaban vinte días e xa era tempo de contratar a mudanza. Fixera outros cambios de casa, máis nunca tivera que recorrer a ningunha empresa dese tipo. De nova, sempre que se dera o caso, recrutara aos amigos da panda para os que un traslado significaba pasalo ben, risos, cervexas e gargalladas ao intentar ser xefes de organización na imposible tarefa de subir seis plantas un sofá que non xiraba polas escadas. Poucas cousas sen case valor. Mobiliario que proporcionaba ás miñas casas da xuventude un aspecto ecléctico. Unha butaca rescatada ao lado dun colector do lixo, unha lámpada horrorosa regalada pola avoa, un farrapo portugués imposible de combinar co resto... un fogar marabilloso sen calefacción nin microondas.

O traslado para esta casa fora para formar un fogar con fillos. Outra cousa moi distinta. Xa non sería o cuartel xeral dos amigos, onde tiñan cama no sofá para as noites de troula. Agora era para xogar ás casiñas de verdade. Ás mamás, con cazolas de aluminio e manteis bordados. Para facer equilibrios cos salarios e pagar o *combi*, o lavalouzas e o coche. A rede da sociedade de consumo era a decoración do noso teito, sempre disposta a caer sobre nós e asfixiarnos. Todo chegaba das moblerías envolto no papel dos prazos. Tres anos para o salón, outros tres para os electrodomésticos, seis para o coche. E o refugallo que sobraba daba a duras penas para mercar os produtos de oferta dos supermercados. Nada máis. Anos e anos. E máis anos. Remataran as troulas, as viaxes e as ceas fóra da casa, os

caprichos de roupa, as gargalladas. Era unha persoa seria. En proceso de madurecer.

E un bo día, a carta. Certificada. Con acuse de recibo. Da propietaria. O aviso de que non ían renovarnos o contrato de arrendamento “¿coooooomo?” Non pode ser, sorpresa, indignación, desconcerto. Seis meses para buscar outro sitio onde instalarnos. Para montar coma se fose un mecano todo o noso engrenaxe vital. O remuíño no que xiramos tantos e tantos anos. E agora a cambiar. O primeiro fora falar coa caseira, que se mostrara inflexible e amable ao mesmo tempo. Difícil, pero certo que conseguira que a entendéramos. A súa filla casaba e non ía pagar casa tendo como tiña á mamá o noso pisiño, que despois de tantos anos nós case chegáramos a crer que era noso de verdade. Os seus recunchos, o cacho da vida da nosa veciña de enfronte a través do patio de luces, os nosos movementos na cociña a disposición dela tamén. A enredadeira do balcón que xa non poderíamos levar porque estaba tan leada nos barrotes que só sairía de alí amputándolle a maioría dos tentáculos, a esquina da cociña onde o cocido recochaba cada dous domingos mentres eu lía o xornal. Pero sobre todo, a veciñanza. Non eran amigos, pero case. As panadeiras que tiñan o marabilloso almanaque dos bombeiros enriba da caixa, cada mes un novo mozo cachas agarrado a unha manguera, a dona da mercería que sorrí aínda que só lle merques un tubo de fío, a farmacéutica e as súas empregadas que saben de qué padecemos todos na casa e coñecen o noso intre mellor ca nós mesmos, a dona da tenda de regalos na que non entro nunca pero á que me acostumei a saudar cada vez que ela está na porta fumando, a empregada da tenda de dietética onde merco as galletas de fibra que din que non engordan, a dona da tenda de copias que coa súa paciencia sen límite fai todos os arranxos que lle pido de copiar-pegar, incluso as rapazas da froitería que ten un produto tan bo coma elas

mal carácter. O meu mundo de tantos anos. A cafetería onde non preciso pedir nada porque en canto me sento teño o meu café con dous de azucre. O barrio. Agora tocaba a despedida e non tiña ganas de dicir adeus. Non era algo decidido por min. Alguén resolvera sobre a miña vida, manipulara no meu futuro ¡maldita sexa!

A indignación fora dando paso ao conformismo, ao fin eu non era a dona do meu fogar, non era propietaria, tan só me pertencía o seu contido cos seus recordos, coas súas amarguras, coas súas bágoas e risos. Todo iso podería levalo comigo, pero xa non sería o mesmo, as paredes non serían iguais, o sol non entraría polas mesmas xanelas e o frío da regaña da porta do balcón non tería que ser tapado cunha alfombra enrolada.

Comecei polo máis difícil. Desprenderme dos meus apuntes de estudante. Xa na anterior mudanza deixara atrás os libros, cadernos e carpetas relativas ao Instituto. Agora ao marchar para unha casa máis pequena había que facer sitio e soltar lastre de todas partes. En realidade había cousas que non pagaba a pena conservar, pero polas que eu sentía mágoa ao desbotalas. Era como envorcar unha chalupa chea de peixiños que non dan a talla para comer, pero que foron pescados co meu esforzo. Horas ou non tantas de estudio, de noites en branco, de perder os entroidos ¿por que demos sempre había exames en febreiro? Días de enchentas de letra impresa despois dun Nadal de lecer sen tocar un libro. Suponse que os coñecementos están aí, e o título, pero os apuntes e os libros parecían apuntalalos ¿e se esquecía unha data, un dato, un nome? Se reflexionaba sentada ao borde da cama arrodeada de cadernos e miraba cara ao ordenador, sabía que todo ese pánico ao

esquecemento quedaba calmado coa inmensidade da Internet, pero ¿por que non conseguía sosegar-me? Era unha decisión difícil, un desacougo, buscando motivos polos que botar ao lixo unhas cousas e outras non, escollendo.

Así pasaba o tempo e aquela parte de arriba do roupeiro esperando ser baleirada, ateigadas as follas coma alcriques en lata. Dinme de conta tres horas despois de mirar folla por folla de que non era o medo a esquecer unha data, o pánico era borrar aos meus compañeiros, de latar á clase naquela cafetería, a soterrar a aquel rapazolo polo que arrubiaba, aquel que nin miraba para min, terror a non recordar o nome da profesora que remataba en del Perpétuo Socorro ou o profe que me sacaba ao encerado de seguido porque me chamaba coma a súa muller. Ollando papeis oficiais atopei aquel suspenso inxusto que baixara tanto a miña nota media, e varias fotos de carné amarelecidas polo tempo e co oxido das grampas marcado na miña fronte a sangue e fogo. Eran coma diarios, fotografías escritas, apuntes ligados a cada visión, flashes de risos e bágoas. Era como querer soterrar tantos anos da miña vida investidos no teimo de ter unha carreira universitaria. O meu título estaba suxeito por todos aqueles apuntes, aínda feitos a man, cadernos e cadernos, os de sucio, os de limpo, os libros, as guías do curso... non era quen de desfacerme de nada. Atopei as notas escrupulosamente gardadas dentro dos seus sobres. Bicadas con carmín. Separeinas do resto consciente de que elas si se salvarían da queima. Metín o resto en varias caixas grandes. Demasiado peso. Aparteinas para un lado como aparteí a decisión de tiralas ou conservalas.

O mesmo que pasou cos apuntes pasou con todo. Roupa especial de facía moitos anos, imposible entrar dentro das prendas, cos anos as tallas tampouco volven atrás, avanza sen piedade. Gabáns vellos que abrigaban historias, coma a daquela tarde nun guateque, bailando unha lenta cun mozo do que non lembro o nome, pero que dicía cousas fermosas ao oído, aquela na que escoitando cancións dos Beatles esquecín que se facía tarde e marchei a correr cando mirei a hora, deixando o abrigo atrás. Recupereino no seguinte domingo, levaba toda a semana disimulando a súa falta diante da miña nai. Alí estaba, enriba da pedra da esquina da casa medio en ruínas que nos facía de discoteca. E aquí estaba, no fondo do armario, cunhas boliñas de alcanfor nos petos. Era pasado, pero un pasado fermoso, nada menos que a visión nebulosa dos anos da adolescencia. Era pechar os ollos e lembrar os discos, os amigos, a roupa, aquel medo a ser descubertos nunha propiedade, que aínda que abandonada, era privada. Aqueles cigarros suxeitos con suavidade entre os dedos de óso de rapaza feble, os risos, o tremer ao miralo a el, que non sempre era o mesmo. O abrigo era o meu arquivo da adolescencia. O *Loden* verde que tanto sufrira para mercar. O capricho, segundo a miña nai. Pero o capricho que todas as miñas compañeiras tiñan xa. Tal vez por iso era especial. E agora, ter que desbotalo. Se o pensaba ben, os recordos tíñaos igual almacenados na testa, pero co gabán chegaban axiña, sen chamalos, sen ter que esmagar os miolos para lembrar, el dicíame cómo se chamaba aquela amiga da alma, ou que canción me facía sentir melancólica, ou como o tiraba nunha esquina cando soaban os rock and roll. En canto tocaba a súa textura verde escoitaba como por arte de maxia aos Doors co “Ligth my fire” e aquel “Smoke on the water” do Made in Japan de Deep Purple ou a Patty Smith co seu “Horses” que me facían vibrar. O abrigo traía moi cerca aos Tequila que viñeran tocar ao pobo e que fora mirar sen permiso, co que gañei un castigo sen saír ao día seguinte, cando todas, todas as miñas amigas fixeran cola no hotel

onde se aloxaban os músicos e conseguiran arrincarlles un autógrafo e algunha atrevida de máis, un beixo na meixela do cantante arxentino polo que suspirabamos.

O gabán foi parar onde os apuntes, convencida de que estaba sinalado como seguro candidato ao esquecemento. A esa esquina ían parar todas aquelas cousas que estaban en espera de saber se cabían na nova casa, a metade de pequena que esta, moi nova iso si, que deixaba entrar o sol ata os derradeiros recunchos, que tería que limpar menos, que tiña unhas fermosas vistas, que deixaría a miña nómina tremendo cada día cinco. E que prohibiría a entrada como mínimo aos meus apuntes e a miña roupa doutros tempos máis felices.

Unha tarde enteira perdera coa morriña, coas lembranzas, con aquel sorriso estúpido cada vez que atopaba algo, a entrada dunha discoteca que só eu podía saber que o era porque a tinta esvaecérase cos anos, aquela cigarreira de coiro cunha banda violeta de cando fumaba a escondidas, os vinilos coas fundas comidas dos ratos do rocho da primeira casa ¿para que ía querer discos antigos se agora podía ter a música que me petase baixado de internet e con mellor calidade? Pois porque si, porque ver a portada daquel Bob Dylan noviño xa me traía os acordos do seu “Cambio de Guardia” e podía dicirme ás claras que eu estivera alí, nos guateques, nas tardes de radio de cancións dedicadas, nas noites de Musical Casette nas que non había cortes na música para poder gravar. A tarde enteira e a casa toda por desfacer.

Así foran pasando os días, e pronto o meu fogar, aquel santuario-refuxio no que vivira tantos anos e cousas, comezou a parecer outro. A espirse. Primeiro foran as cortinas, e sen elas perdín toda a intimidade e estaba obrigada a ollar directamente esas persianas que sempre tiña que limpar e non limpaba nunca. Pouco a pouco cambiou de casa a almacén. Pasei de non querer marchar, a desexar fuxir de alí axiña. Tropezando con todo, intentando poñer orde sen conseguilo, os habitantes dos caixóns todos, dos estantes, dos andeis, estaban encarcerados en ducias de caixas de cartón amoreadas unhas enriba das outras. O espacio non estaba organizado para iso, había cuartos nos que non se podía entrar co cheiro a po, non tiña nada que poñerme porque a metade da roupa estaba xa embalada, non atopaba as potas pequenas ou o coitelo de cortar a pizza. Aquela casa na que estaba tan a gusto convertérase nun cárcere de caixas. Non me daba chegado o día e porén, sabía que non tiña tempo para facer todo antes da data. Os derradeiros días desbotaba cousas sen piedade. As enciclopedias das coleccións do xornal quedaban apartadas se non estaban completas ou ben encadernadas. Houbo libros que lera había tantos anos que xa nin recordaba a trama, libros *bet-sellers* mercados cando non tiña criterio claro de que ler, eses non me deu mágoa pasalos á zona das cousas para regalar. Pensaba que se estivésemos nos Estados Unidos podería ter posto un mercadiño na porta do edificio. Tirei centos de cousas que non valían para nada e outras que aínda tiñan uso, pero xa non había tempo nin ganas de seleccionar.

O derradeiro día foi terrible, démonos conta de que estaba sen baleirar o rocho. Esqueceramos facelo, e alí estaban a meirande parte dos recordos, coma ollos abertos, interrogantes ¿Que ides facer con nós? parecían preguntar. Eran cousas con vida propia,

como o gabán *Loden*, totalmente prescindibles pero que latexaban. Iso foi o peor, dúas enormes caixas ategadas de *souvenirs* e regalos das viaxes que abrían unha xanela onde mirar a viaxe mesma, os voos, as visitas aos monumentos, as comidas. As viaxes eran illas, eran espazos prohibidos para o cotiá, estaban fora da rutina da vida, marchar de viaxe fora fuxir da vida mesma, vivir outra diferente, gastar sen tino. Se deixabamos atrás esas cousas, pechábamos a ventá e non só iso, pasábamos unha man de pintura negra polos cristais.

Quedaban as fotos, si. Salvariámolas. Prescindiríamos só dos recordos físicos. Quedaba aquel papel máxico ao que se trasladaran imaxes diante de edificios ou parques, ou praias, ou calquera cousa que merecese ser lembrada. Comendo peixe frito nos barcos que se balanceaban no Mármara nunhas pequenas cadeiras no porto de Estambul, o puño esquerdo en alto diante do Congreso dos Deputados, a miña inmensa barriga preñada no parque Güell, as caras de asombro cos delfíns de Valencia, a imitación do “Pensador” do Musée Rodin, acuarios mil, montañas mil, rochas e ondas mil, igrexas románicas, góticas, renacentistas, edificios singulares mil. Todo estaba alí, nos álbumes de fotos. Non puideron evitar pensar que nun hipotético incendio quedaríamos sen recordos se desbotabamos os *souvenirs* das caixas. O papel arde logo, todo polo ar feito cinza e faíscas, mesturando imaxes. Pero non paramos niso. Os recordos non tiñan sitio na nosa nova etapa, nin tiñamos tempo tampouco para eles, para seleccionalos. Non quedaban días, non quedaban horas. E salvamos as instantáneas.

Durante todo ese tempo non botei case nada no colector do lixo. O que facía era deixar todo



por fóra del, as cousas á vista, na beirarrúa. Para que as collera alguén. Ás veces no traxecto de volta para coller máis obxectos, desaparecían cousas: un andel vello, os libros de cociña da colección de fascículos, unha caixa de madeira, un adorno. Cada vez que baixaba faltaba algo, e non podía máis que sentir menos culpa dese xeito. Para outra persoa serviría o que eu desbotaba, aquilo que nun tempo de seguro que me parecera imprescindible, ou fermoso. Nunca coincidín con ninguén collendo nada, porén as cousas ían faltando, coma aquela vez na miña segunda ou terceira casa, cando desbotei a vella lavadora porque xa non tiña arranxo. O día que recollían electrodomésticos os do Concello baixarana os técnicos da lavadora nova, antes da hora de recollida. Misteriosamente, sen saber como nin quen, ían desaparecendo pezas ata que só quedou a carcasa. Cada vez que vía pola ventá faltaba algo. Fora coma mirar un esqueleto, recordoume aos animais que morren no deserto. Unha hiena come as vísceras, outros animais comen a pel, e o pouco que queda podrece e voa co vento mesturado coas areas. Ao fin queda unha carcasa. Coma a miña vella lavadora. Na mudanza o mesmo. Facíame feliz saber que as miñas cousas non ían parar a unha planta de tratamento de residuos.

O comezo na nova casa non foi mais doado ca o final na outra. Discusións e descontrol. O non atopar algo converteuse en cotián durante as primeiras semanas. Eu parecía unha pantasma. Non quería facerme ao meu novo fogar, pequeno de máis, no que os mobles mercados a medida para as habitacións antigas, agora non encaixaban. Pasamos días metro en man botando as mans á cabeza. Había que mercar unha morea de cousas. As cortinas tiñan medidas diferentes, non se aproveitaba nada. Na cociña non cabían as potas, os cd's non tiñan sitio, moitos libros foron directos ao rocho e varias cousas remataron por ser

regaladas.

O peor fora prescindir das plantas, o meu verxel do balcón onde tiña que entrar coas puntas dos pés para regar, xa non existían. Dera as plantas en adopción, a uns amigos con casa que me prometeran que podería ir coidalas cando quixera. Si, cando quixera, pero xa non sentía como miñas aquelas ramas que aloumiñaba, ás que lles quitaba follas secas e herbas malas. Ás que lles contaba os botóns novos, ás que miraba agromar na primavera e murchar no outono. Iso xunto co gabán *Loden*, os apuntes e os *souvenirs* das viaxes fóra o peor. Pero non había volta atrás e tiña como consolo que a decisión non fora miña. Aínda así... faltábame o ar. Soñaba en branco en negro.

Faltoume durante dous meses enteiros, xusto ata que colocamos os cadros e as cortiñas novas. En canto tiveren o meu escritorio, infinitamente máis pequeno có anterior, iso si, e sentei a escribir despois de tanto tempo. E mirei pola ventá o meu novo horizonte de montes no alto e as luciñas todas dunha parte da cidade, tremelucen nas noites de insomnio, co parque silandeiro e baleiro nos días de choiva, e coa primeira chorada das nubes contra á cristaleira, a primeira treboada repartindo lóstregos polos tellados que puiden gozar na amplitude cara afora, que non coñecía porque nunca tivera, entón deixei de sentirme unha estraña na miña casa.

E o soño repetido e continuo, de que os da mudanza esnaquizaban o piano ao baixalo polas

escadas e eu tiña que pegarlle as teclas con cola de contacto, desapareceu do meu repertorio de surrealidades e volví a soñar a toda cor.